

A Universidade de Vigo executou seis instalacións solares fotovoltaicas para autoconsumo nos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra.

O custe elixible da operación ascende a 432.465,60 € e está financiada nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

As instalacións executadas foron:

- Instalación fotovoltaica de autoconsumo de 99,96 kWp no edificio Cacti (campus de Vigo)
- Instalación fotovoltaica de autoconsumo de 100,20 kWp no edificio MTI (Campus de Vigo)
- Instalación fotovoltaica de autoconsumo de 39,78 kWp na Escola de Enxeñería Industrial (sede cidade Vigo)
- Instalación fotovoltaica de autoconsumo de 99,96 kWp na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (Campus de Pontevedra)
- Instalación fotovoltaica de autoconsumo de 78,2 kWp na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra)
- Instalación fotovoltaica de autoconsumo de 99,96 kWp na Facultade de Ciencias (Campus de Ourense)

Coas instalacións realizadas obtense un aforro económico e contribúese á redución de emisións de CO₂ mediante a implantación de enerxías renovables, ademais de adaptarse aos obxectivos do marco europeo de redución de emisións. Adicionalmente trátase de centros con fins educativos, polo que cabe engadir o compoñente didáctico e de promoción á execución deste tipo de instalacións.